

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023338	IES Praia Barraña	Boiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A materia Empresa e Deseño de Modelos de Negocio trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da Economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. A empresa é un axente esencial da actividade económica, que está presente de forma cotiá nos medios de comunicación, e forma parte da vida dunha grande maioría dos fogares. O seu coñecemento constitúe un paso esencial para entender o funcionamento global de Economía. A materia pretende a reflexión sobre como responden as empresas aos desafíos actuais que se lles presentan, onde o factor clave da súa actividade reside na innovación.

Esta materia de modalidade está integrada no 2º curso do bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, e pretende, por unha banda, o coñecemento da empresa como axente fundamental no desenvolvemento económico, tendo en conta os valores propios da responsabilidade social corporativa e, pola outra, o fomento dunha cultura empresarial onde o alumnado medre en creatividade e espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e toma de decisións fundamentadas que permitan deseñar unha proposta de modelo de negocio e analizar a súa viabilidade.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 2º de Bacharelato do IES Praia Baraña, que se distribúe en dous grupos de 30 e 18 alumnos/as respectivamente. Non contamos con alumno repetidor, pero sí con dous alumnos que non cursaron a materia de Economía no primeiro curso de bacharelato por un cambio de especialidade no curso 23/24.

O Instituto de Educación Secundaria Praia Baraña é un centro público, que empezou a funcionar como centro homologado en 1983 e que esta situado no núcleo urbano de Boiro, nunha zona próxima a praia. No centro actualmente estanse a impartir as ensinanzas de ESO, os bacharelatos Científico Tecnolóxico, de CCSS e Humanidades e Artístico. Todos os alumnos que actualmente cursan a materia de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio xa eran alumnos/as do centro no curso pasado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar a actividade empresarial e emprendedora, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización neste proceso, para comprender o papel que desempeñan dentro do funcionamento global da economía actual.	2			2-5	12-40	1	1-2	
OBX2 - Investigar o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial, analizando as interrelacións empresas-contexto e identificando estratexias viables que partan dos criterios de responsabilidade social corporativa, da igualdade e a inclusión, para valorar a capacidade de adaptación das empresas.	2-3		4	1	20-50	4	1	
OBX3 - Recoñecer e comprender modelos de negocio actuais comparándoos con outros tradicionais, aplicando estratexias e ferramentas que faciliten o deseño creativo e propoñendo modelos de negocio que, achegando valor, permitan satisfacer necesidades e contribuír ao benestar económico e social.	2-3		2-4		40	3	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Valorar e seleccionar estratexias comunicativas de aplicación ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas e obtendo a información que se xera tanto no ámbito interno como externo da empresa, para xestionar eficazmente a información necesaria no proceso de toma de decisións e a súa correcta transmisión.	1-3	1-2		3	40		2	
OBX5 - Realizar a análise previsual do modelo de negocio deseñado, aplicando as ferramentas de análise empresarial necesarias para comprender o proceso levado a cabo e validar a proposta presentada.				2-3	11-50		1-2-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A empresa e o empresario.	Concepto de empresa: elementos, funcións e obxectivos. Clasificación de empresas. Características do contexto empresarial. Análise DAFO. Responsabilidade social corporativa.	10	10	X		
2	A función produtiva.	O proceso de produción. Asignación de recursos produtivos. Custos de produción. Factores determinantes da produtividade. I+D+i. A importancia da innovación tecnolóxica. Formas de adquisición da tecnoloxía.	10	10	X		
3	Tipoloxía de empresas segundo a súa forma xurídica.	Características das principais formas xurídicas. Marco xurídico que regula a actividade empresarial. Fiscalidade empresarial.	10	10	X		
4	A función financeira e de investimento.	Fontes de financiamento. Concepto de investimento e tipos. Elementos dun proxecto de investimento. Valoración e selección de proxectos de investimento.	10	13	X		
5	A función de aprovisionamento.	Os inventarios e os sistemas de valoración de existencias. A xestión de inventarios: modelo de Wilson e ABC.	10	13		X	
6	O desenvolvemento empresarial.	Estratexias empresariais. Localización e dimensión.	10	10		X	
7	A función comercial.	Análise do consumidor. Estratexias de marketing.	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A organización e dirección da empresa.	Características organizativas e funcionais da empresa. Selección de persoal. Marco legal das relacións laborais.	10	10		X	
9	Análise contable da empresa	O patrimonio da empresa. As contas anuais e a imaxe fiel. Análise dos estados financeiros. Obrigas contables.	10	18			X
10	O plan de negocio. Ferramentas para crear modelos de negocio innovadores.	Concepto de modelo de negocio. Planificación e viabilidade. Mapa de empatía. Ideación. Pensamento visual.	10	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A empresa e o empresario.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a importancia da actividade empresarial e o emprendemento na economía actual, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización.	Comprender a importancia da actividade empresarial sobre o valor da innovación.	PE	100
CA1.2 - Analizar o papel da I+D+i no desenvolvemento social e empresarial, identificando novas tendencias e tecnoloxías que teñen un alto impacto na economía.	Analizar o papel da I+D+i no desenvolvemento social e empresarial		
CA1.3 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas aos cambios do contexto e ás exigencias do mercado, investigando o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial.	Valorar a responsabilidade e sostibilidade das empresas		
CA1.4 - Coñecer os distintos tipos de empresa, os seus elementos e funcións, así como as formas xurídicas que adoptan relacionando cada unha delas coa responsabilidade legal dos seus propietarios e xestores e coas exigencias de capital.	Coñecer os distintos criterios de clasificación de empresas e identificar a forma xurídica máis apropiada dadas as características da empresa.		
CA1.5 - Identificar e analizar as características do contexto no que a empresa desenvolve a súa actividade, explicando, a partir destas, as distintas estratexias e decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e medioambientais da súa actividade.	Identificar as posibles implicacións sociais e medioambientais da actividade empresarial.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- O empresario ou a empresa. Perfís.
- A empresa. Clasificación. Localización e dimensión da empresa. Marco xurídico que regula a actividade empresarial.
- O contexto empresarial. Responsabilidade social corporativa. Muller e emprendemento. Inclusión e emprendemento.
- A empresa, dixitalización e innovación. I+D+i. Teorías da innovación. Tipos de innovación. Tendencias emerxentes. Estratexias de innovación.

UD	Título da UD	Duración
2	A función produtiva.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4.2. - Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade, definindo o soporte necesario para facer realidade un modelo de negocio.	Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade,	PE	80
CA4.2.2. - Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.	Calcular o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.		
CA2.4.1. - Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade, definindo o soporte necesario para facer realidade un modelo de negocio.	Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade,	TI	20
CA4.2.1. - Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.	Calcular o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.		
CA2.4 - Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade, definindo o soporte necesario para facer realidade un modelo de negocio.		Baleiro	0
CA4.2 - Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A función produtiva. Proceso produtivo. Eficiencia e produtividade. Actividades clave. Recursos clave. Asociacións clave. Estructura de custos: clasificación e cálculo de custos.
- A avaliación previa de modelos de negocio: análise DAFO, análise previsional de ingresos e custos e o limiar de rendibilidade.

UD	Título da UD	Duración
3	Tipoloxía de empresas segundo a súa forma xurídica.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Coñecer os distintos tipos de empresa, os seus elementos e funcións, así como as formas xurídicas que adoptan relacionando cada unha delas coa responsabilidade legal dos seus propietarios e xestores e coas exixencias de capital.	Coñecer os distintos tipos de empresa e as formas xurídicas que adoptan relacionando cada unha delas coa responsabilidade legal dos seus propietarios.	PE	100
CA2.7 - Analizar e explicar a situación económico-financeira da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando as posibles solucións aos desequilibrios atopados e analizando o impacto dos tributos que ten que satisfacer a empresa.	Identificar as obrigas fiscais das empresas. Describir o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A empresa. Clasificación. Localización e dimensión da empresa. Marco xurídico que regula a actividade empresarial.
- Fiscalidade empresarial: principais tributos que gravan a actividade empresarial.

UD	Título da UD	Duración
4	A función financeira e de investimento.	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5.1. - Analizar e tomar decisións sobre investimento e financiamento, aplicando métodos de selección de investimentos e recoñecendo as vantaxes e inconvenientes das distintas fontes de financiamento empresarial.	Aplicar métodos de selección de investimentos e recoñecendo as vantaxes e inconvenientes de unha fonte de financiamento empresarial.	PE	80
CA2.5.2. - Analizar e tomar decisións sobre investimento e financiamento, aplicando métodos de selección de investimentos e recoñecendo as vantaxes e inconvenientes das distintas fontes de financiamento empresarial.	Aplicar métodos de selección de investimentos.	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Analizar e tomar decisións sobre investimento e financiamento, aplicando métodos de selección de investimentos e recoñecendo as vantaxes e inconvenientes das distintas fontes de financiamento empresarial.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A función financeira. Estructura económica e financeira. Investimento. Valoración e selección de investimentos. Recursos financeiros. Análise de fontes alternativas de financiamento interno e externo.

UD	Título da UD	Duración
5	A función de aprovisionamento.	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Analizar as características organizativas e funcionais da empresa, explicando, a partir delas, as decisións de planificación, xestión e optimización de actividades de actividades, recursos e asociacións clave dun modelo de negocio innovador.	Explicar as decisións de planificación, xestión e optimización de actividades de aprovisionamento.	PE	80
CA2.4 - Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade, definindo o soporte necesario para facer realidade un modelo de negocio.	Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos no referente á xestión de inventarios.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A función produtiva. Proceso produtivo. Eficiencia e produtividade. Actividades clave. Recursos clave. Asociacións clave. Estructura de custos: clasificación e cálculo de custos.

UD	Título da UD	Duración
6	O desenvolvemento empresarial.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar e analizar as características do contexto no que a empresa desenvolve a súa actividade, explicando, a partir destas, as distintas estratexias e decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e medioambientais da súa actividade.	Identificar os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa. Identificar estratexias de crecemento.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A empresa. Clasificación. Localización e dimensión da empresa. Marco xurídico que regula a actividade empresarial. - O contexto empresarial. Responsabilidade social corporativa. Muller e emprendemento. Inclusión e emprendemento. - A empresa, dixitalización e innovación. I+D+i. Teorías da innovación. Tipos de innovación. Tendencias emerxentes. Estratexias de innovación.

UD	Título da UD	Duración
7	A función comercial.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Analizar as características do mercado, explicando, de acordo con elas, a proposta de valor, canles, relacións con clientes e fontes de ingresos dun modelo de negocio innovador.	Identificar e interpretar as diferentes estratexias de marketing. Aplicar criterios e estratexias de segmentación de mercados.	PE	100
CA4.4 - Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa, establecendo as liñas de actuación en materia de protección de idea, produto e marca.	Determinar a estratexia de actuación en materia de protección de idea, produto e marca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A función comercial. Segmento de clientes. A proposta de valor. Canles. Relacións con clientes. Fontes de ingresos. Estratexias de márketing. - A protección da idea, do produto e da marca.

UD	Título da UD	Duración
8	A organización e dirección da empresa.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as distintas políticas empresariais de xestión, contratación e formación de recursos humanos, valorando e recoñecendo as actuacións das empresas en materia de igualdade e inclusión.	Identificar o papel da área de recursos humanos na empresa.	PE	100
CA2.3 - Analizar as características organizativas e funcionais da empresa, explicando, a partir delas, as decisións de planificación, xestión e optimización de actividades, recursos e asociacións clave dun modelo de negocio innovador.	Identificar os elementos da empresa e funcións que desenvolven.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A xestión dos recursos humanos. Formación e funcionamento de equipos áxiles. Habilidades que demanda o mercado de traballo. A contratación e as relacións laborais da empresa. As políticas de igualdade e de inclusión nas empresas.

UD	Título da UD	Duración
9	Análise contable da empresa	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Analizar e explicar a situación económico-financeira da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando as posibles solucións aos desequilibrios atopados e analizando o impacto dos tributos que ten que satisfacer a empresa.	Explicar a situación económico-financeira da empresa a partir da información recollida nas contas anuais.	PE	80
CA4.5.1. - Valorar a situación económico-financeira da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.	Valorar a situación económico-financeira da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias		
CA4.5.2. - Valorar a situación económico-financeira da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.	Valorar a situación económico-financeira da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias	TI	20
CA4.5 - Valorar a situación económico-financeira da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- A información na empresa: obrigas contables. Composición e valoración do patrimonio. Contas anuais e imaxe fiel. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias. - Fiscalidade empresarial: principais tributos que gravan a actividade empresarial. - A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.

UD	Título da UD	Duración
10	O plan de negocio. Ferramentas para crear modelos de negocio innovadores.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Comprender o concepto de modelo de negocio como unha forma de lles dar resposta ás necesidades actuais, comparando distintos modelos, desde os máis tradicionais aos máis innovadores.	Identificar as características de distintos modelos de negocio.	PE	100
CA3.1 - Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sostible das empresas ás exixencias do mercado, explorando ideas, escenarios futuros e novos padróns e modelos de negocio.	Identificar modelos de negocio áxiles e as súas características.		
CA3.2 - Coñecer as distintas estratexias e ferramentas de deseño creativo, aplicando estas á xeración dun modelo de negocio transformador que permita dar resposta ás necesidades actuais.	Coñecer e aplicar as principais ferramentas de deseño creativo a un proxecto de modelo de negocio.		
CA3.3 - Xestionar eficazmente a información e facilitar o proceso de toma de decisións a partir da información obtida, tanto no ámbito interno como externo da empresa, aplicando estratexias e novas fórmulas comunicativas.	Coñecer e aplicar as principais ferramentas de organización de ideas a un proxecto de modelo de negocio.		
CA3.4 - Seleccionar estratexias de comunicación aplicadas ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas comunicativas que faciliten a xestión eficaz da información e a súa transmisión.	Coñecer e aplicar as principais ferramentas de comunicación a un modelo de negocio.		
CA3.5 - Coñecer as ferramentas necesarias que permitan expoñer o proxecto de modelo de negocio, despertando o interese e cativando os demais coa proposta de valor presentada.	Coñecer as principais ferramentas de presentación a un proxecto de modelo de negocio.		
CA4.1 - Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia, comprendendo todo o proceso levado a cabo e aplicando técnicas de	Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado		
CA4.3 - Elaborar un plan de negocio básico sobre un escenario simulado concreto, xustificando as decisións tomadas.	Elaborar partes dun plan de negocio básico sobre un escenario simulado concreto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Empresa e modelo de negocio.
- O lenzo de modelo de negocio e de xestión: concepto, áreas, bloques, utilidade e padróns de modelos de negocio.
- O punto de vista dos clientes: mapa de empatía.
- A creatividade aplicada ao deseño do modelo de negocio e de xestión. O proceso de creatividade: diverxencia e converxencia. Dinámicas de xeración de novas ideas de modelos de negocio.
- A competencia e os nichos de mercado.
- As ferramentas de organización de ideas: Pensamento visual ou Visual Thinking. Capacidade de síntese. Ideación. Comunicación.
- O prototipado: concepto e utilidade. Posibilidades de prototipado: bens, servizos e aplicacións.
- As ferramentas de presentación dun proxecto ou idea. Metodoloxía: narración de historias ou storytelling e o discurso no ascensor ou elevator pitch. Outras metodoloxías.
- Os escenarios: exploración de ideas, escenarios futuros e novos modelos de negocio.
- Outras ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión.
- O contexto do modelo de negocio. Previsión: tendencias clave. Macroeconomía: variables macroeconómicas. Competencia: forzas competitivas.
- A validación do modelo de negocio. Lean Startup. Desenvolvemento de clientes. Desenvolvemento de produto áxil.
- A protección da idea, do produto e da marca.
- A toma de decisións. Estratexias. Simulación en folla de cálculo. Redacción dun plan de negocios básico.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Enténdese por metodoloxía o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos do segundo apartado deste documento.

Os modelos didácticos empregados deberán ter un carácter provisional, adaptándose ás necesidades dos estudantes, tanto nunha mesma aula como ao longo do tempo. Por isto, e coa fin última de chegar á maior cantidade de alumnado posible, empregaranse varios métodos de ensinanza simultaneamente ao longo de todas as unidades.

Por un lado, farase uso dunha metodoloxía maxistral expositiva, que como docente permita pautar mellor o tempo das primeiras sesións de cada unidade e ao mesmo tempo posibilite traballar contidos con estudantes que non teñan ningunha base sobre a materia ou ben esta sexa mínima. Nas unidades que teñan un contido máis matemático, combinarase un método expositivo cun método demostrativo que permita amosar con exercicios resoltos a aplicación práctica dos contidos teóricos que se expoñen de forma verbal. Con isto perséguese poder adaptarse a aqueles estudantes que teñen un aprendizaxe e unha memoria máis visual.

Sen embargo, os dous métodos anteriores teñen importantes limitacións que se deben superar se se quere conseguir unha aprendizaxe real, como son a pasividade do alumnado, a inexistencia de unha retroalimentación alumno-profesor e a pouca atención á diversidade que implican. Por isto é preciso ampliar a metodoloxía docente seguida usando unha máis activa e participativa, buscando unha mellor asimilación do contido, autoavaliación por parte do estudante e mellora da súa autoestima, o aprendizaxe proba-error e aprender facendo, reflexión dos contidos e vinculación da aula e do seu entorno. Isto é o que se pretende, buscando en todo momento que o alumnado propoña cuestións de actualidade sobre os temas expostos, actividades con respostas abertas que dean lugar a diferentes interpretacións e a unha aprendizaxe máis autónoma.

Así mesmo, nas empresas é habitual a realización de tarefas de forma colectiva, polo que é indispensable que aprendan a traballar en equipo, desenvolver un pensamento crítico e un espírito de mellora constante. Para ilo, as actividades individuais, válidas para valorar o progreso na aprendizaxe persoal, complementaranse con outras por parellas ou equipos, coas que se traballen actitudes colaborativas e grupais, nas que se se poidan abrir debates que

permitan desenvolver a capacidade de opinión do alumnado.

Débase superar unha formación baseada en moitas ocasións en coñecementos abstractos e buscar unha formación práctica, que inclúa exemplificacións, relacións de contidos ou unha verdadeira significación do material presentado, de forma que sexa aplicable á vida real e que ao mesmo tempo interese ao alumnado. Isto pódese alcanzar, entre outras vías, coa visualización de documentais, lectura de prensa ou entrevistas a persoas do entorno do estudante.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual do centro en webs dinámicas.
Aula de informática.
Apuntes e actividades elaboradas ou propostas polos profesores do departamento.

Os recursos didácticos empregados estarán formados polos resumos de cada unidade didáctica facilitados pola docente para o desenvolvemento e estudo da materia, así como calquera outro material considerado pertinente para a exposición, análise ou aprofundamento nos contidos das unidades e que serán facilitados ao alumnado. Empregaremos material dispoñible na rede (vídeos, noticias de prensa, etc) e presentacións elaboradas polo docente.

O principal recurso dixital que se empregara é a aula virtual do centro que servirá como plataforma para subir as presentacións empregadas na aula, tarefas resoltas e tarefas a elaborar polo alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, acórdase nunha reunión de centro, que a avaliación inicial só se realizará na E.S.O., pero a pesar desta circunstancia, durante a presentación da materia, farase unha breve entrevista co alumnado que servirá para coñecer os conceptos previos dos estudantes sobre a materia, especialmente vinculados á posibilidade de ter cursado a materia de Economía en 4º da E.S.O., ademais de ser un indicador da diversidade a tratar na aula. Os resultados servirán para adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións dos alumnos/as.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	100	80	100	80	80	100	100	100	80	100
Táboa de indicadores	0	20	0	20	20	0	0	0	20	0

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	92
Táboa de indicadores	8

Criterios de cualificación:

O proceso de avaliación estará dividido en varias etapas segundo o momento do tempo no que nos encontremos, para avaliar coa maior cantidade de información posible o proceso de aprendizaxe dos estudantes:

- Avaliación procesual ao longo de todo o curso para levar a cabo un control permanente da aprendizaxe do alumnado e facer as correccións pertinentes no caso de que esta non sexa a desexada. Con esta finalidade propóñense actividades de aula (resolución de exercicios e problemas). Esta avaliación supoñerá un 20% da nota do trimestre.

- Avaliación final, empregando probas obxectivas, para coñecer os resultados ao finalizar o trimestre e o curso e que complementará a avaliación procesual. Esta avaliación supoñerá un 80% da nota do trimestre.

Cualificación de cada avaliación: A nota da avaliación será a media ponderada, segundo as porcentaxes anteriores, da/s proba/s escrita/s e das actividades avaliábeis desenvolvidas na clase. Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Cualificación avaliación global da materia (convocatoria ordinaria): a nota final da materia será a media aritmética das notas das tres avaliacións (sen redondeo). A nota final do curso, para superar a materia, debe ser igual ou superior a 5 puntos sobre 10 (sen redondeo).

Criterios de recuperación:

O alumnado que non acada un 5 na cualificación global da materia deberá recuperar a/s avaliación/s suspensa/s no mes de maio mediante unha proba escrita. Esta proba poderá constar de preguntas de teoría, cuestións e problemas, relativos aos contidos vistos ao longo da avaliación que se pretende recuperar. A nota final da avaliación será a que se acade nesta proba, sendo esta nota a que se empregue para obter a cualificación final da materia e que, polo tanto, faga media coas notas das outras avaliacións. O alumnado supera a materia cando acada una cualificación mínima de 5.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita. O alumnado supera a materia cando acada una cualificación mínima de 5.

O alumnado que ten a materia de Economía de 1º de bacharelato pendente: No curso vixente temos dous alumnos que cambiaron de especialidade, cursando durante o curso 22/23 o Bacharelato Científico-Tecnolóxico. Dado que non cursaron a materia de Economía no curso pasado, deberán facer dúas tarefas de recuperación, consistentes en dous exames teórico-prácticos, que se farán no mes de Xaneiro e Abril. Co obxectivo de facilitar o seguimento de estes alumnos, a persoa encargada das labores de titoría e seguimento, será a profesora Esther Fernández Cabaleiro, que é a mesma que lles imparte a materia de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio. O material para preparar estas probas será facilitado aos alumnos a través da aula virtual. A nota final da materia de primeiro será o resultado de realizar a media aritmética da nota das dúas tarefas de recuperación.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade busca que a intervención educativa se adapte ás diferenzas individuais do alumnado (valores, cultura, estilos e ritmos de aprendizaxe, motivacións, capacidades, coñecementos previos, etc.). Con esta finalidade no Decreto 229/2011, de 7 de decembro, que regula a atención a la diversidad del alumnado en los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia donde se imparten las enseñanzas establecidas en la Ley Orgánica de Educación 2/2006, 03 de mayo, prevense unha serie de medidas ordinarias (artigo 8), que teñen por finalidade facilitar a adecuación do currículo ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características dos

estudiantes, pero sen una alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, sendo aplicables nesta materia:

- Adecuación da organización e xestión da aula.
- Traballo en grupos heteroxéneos.
- Adaptación dos tempos nos procesos de avaliación.

Como docente, somos responsables da aplicación das medidas xerais que se deseñen para cada un dos estudantes con necesidade de apoio educativo, pero, tamén dependerá dun mesmo o adoptar as medidas necesarias para orientar a este alumnado na propia clase, sendo responsables de dirixir a súa aprendizaxe e ofrecerlles os apoios que necesiten. Para isto, ademais de ter os obxectivos claramente especificados en cada sesión, hai que partir dos coñecementos previos de cada estudante, de aí a importancia da avaliación inicial. Ademais, ao inicio de cada sesión farase un breve recordatorio do visto para comprobar posibles erros de comprensión e o grao de asimilación dos contidos, realizando as correccións oportunas no menor tempo posible. Como docente, ao empregar diferentes modelos didácticos (expositivo, demostrativo, aprender facendo...) podemos adaptarnos ás necesidades dun maior número de alumnado.

Por outra parte, o docente debe estar en continua comunicación cos outros profesores do centro, especialmente con aqueles que cursen materias vinculadas á propia. Isto permitiralle un maior control sobre a aprendizaxe do alumnado e propoñer actividades en común para evitar a monotonía e a repetición entre materias. Tamén é fundamental que estea en permanente contacto co orientador do centro para supervisar os materiais ofrecidos ao alumnado e asesorar a nosa labor docente.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais

no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

- Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixida a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. .

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial.	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades que se organicen no centro	Participación en conmemoracións establecidas Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24	X	X	X

Observacións:

En conxunto co resto de membros da comunidade educativa, participaremos nas actividades que se organicen no centro con motivo das conmemoracións establecidas Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, así como actividades propostas polos demais departamentos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Desenvolvéronse as unidades didácticas segundo a temporalización programada.

Traballáronse todos os contidos programados.
Cumpriuse a temporalización de actividades programadas para cada sesión e unidade.
A/s actividade/s complementaria/s levouse a cabo segundo o programado.
Metodoloxía empregada
A falta de asistencia do alumnado supuxo un problema no cumprimento da programación.
Dáse información individualizada ao estudante dos progresos e dificultades atopadas.
Proporciónase ao alumnado rúbricas de avaliación para que saiban como e de que se lles vai avaliar.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
As actividades propostas ao alumnado foron suficientes para que asimilaran os contidos.
Os materiais e recursos didácticos empregáronse segundo o programado.
Medidas de atención á diversidade
Adecuáronse as actividades, materiais e recursos didácticos aos alumnos con NEE.
Adecuáronse as actividades e contidos aos coñecementos previos observados na avaliación inicial.
A metodoloxía adecúase ás necesidades do alumnado e ás esixencias dos contidos traballados.
Outros
Presentáronse reclamacións ás notas.

Descrición:

O proceso de avaliación non só se limita ao alumnado. Tamén é preciso se queremos mellorar a práctica docente que o propio profesor sexa obxecto de avaliación. En base aos resultados obtidos, debe examinar a súa metodoloxía e realizar nela os cambios que sexan necesarios para favorecer as condicións que faciliten a todos e cada un dos seus alumnos unha aprendizaxe significativa. A isto faise referencia no artigo 33.4 do Decreto 86/2015, ao establecer que o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións didácticas.

De cara a avaliar o proceso de ensino e a práctica docente ao longo do curso, de ser posible ao rematar cada unidade didáctica ou como moi tarde ao finalizar o trimestre, iremos respondendo aos seguintes indicadores de logro recollidos na rúbrica seguinte, de forma que se a resposta a algún/s enunciado/s é non, deberá ser obxecto de actuación inmediata, para decidir, a partir dos resultados, propostas de mellora cara as seguintes unidades.

O proceso de autoavaliación completárase coa análise dos resultados académicos do alumnado e a súa opinión coa realización dunha enquisa ao finalizar o curso académico

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tal e como se detalla no apartado 8.1. deste documento, analizamos periodicamente o cumprimento da programación mediante o documento de seguimento da mesma, pero esta análise débese completar ao finalizar cada avaliación co estudo dos resultados académicos por grupos para propoñer medidas de reforzo se fosen necesarias. Ademais, tamén pode aportar información a comparación dos resultados académicos acadados polo alumnado na materia obxecto de programación cos obtidos nas demais materias, ao estar intimamente relacionada a outras ciencias sociais e científicas.

A opinión do alumnado terase sempre en conta e será recollida de xeito escrito ao finalizar o curso nunha enquisa de valoración, de forma que se poidan incorporar as achegas do alumnado á programación do ano vindeiro.

9. Outros apartados